

PREGÓN DOS XOGOS POPULARES EN MELIDE, 2010

Dicir os xogos e os xoguetes é coma sentir a infancia e a ledicia. O universo humano se algo ten na memoria de por vida son estas marabillas no seu tempo de aprendices. Estamos en Melide, a capital da gándara e da Historia de nós e do Camiño. Dicir aquí buxaina, trompos, pións, chavella, sevillana, picarana, a panda... é coma dicir amigos de por sempre en danza, a música da vida.

Eu, que xa vou cara ao regreso, sei de memoria, que sempre se aviva nesta nosa idade, aqueles xolgaretes dun tempo que nos era, foi, difícil. Non tiñamos senón a leria cos avós e cos pais máis latriqueiros, aqueles que nos facían as entregas dos seus xogos condo nenas e nenos de hai cen anos: elas, eles que tamén herdaran nas palabras e nos feitos este compromiso de nos saber reis do mundo por unhas poucas horas en tantos outros días. Preguntade nas vosas casas familiares e saberedes que o que vos digo non é unha mentira, esa andrómena dun latricas. Os tempos do conforto non daban para máis e aquela infancia era sempre pequeniña. E aquí vos quero eu atentas e atentos para que saibades unha verdade firme coma unha mau aberta: moitas das nosas familias non tiñan os cartos para a abundancia dos brinquedos máis diversos que viñan dende os mundos dos máis ricos; medramos sen xoguetes fabricados nas distancias doutro mar e doutras terras, tan distintas e distantes; mais si que tiñamos aquela luz de cariño e cumprimentos que saía polos ollos e polas bocas das nosas nais e pais, esa xente humilde que fora capaz de sobrevivir contra as incertezas: eran, eramos, creativos; listas e listos, *espilidos*, dirían hoxendía. Nós inventores, fabricantes, facedores, construtores dos xoguetes do noso mundo. Nós felices pola nosa tanta creación e forza. Esa inventiva de argallar a propia fantasía. Velaí Melide, a Terra do Medio, a beiramar humilde, aquí, alá, aló e acolaló. As alternativas contra a tristura mailo aburrimiento. Eramos *a buxaina, o farricoque, o aro, a roda, a ra, a chave, a corda maila pita...*; o resultado de nós mesmos. Xogabamos a todo e contra todo. Era o mundo noso. Nada de cartos, aquelas *pesetas* e *reás* e *cadelas* (nominadas *perrachicas*, nun bilingüismo das outroras). Gardabamos moito de cariño e de tenrura coas cousas que bailaban nas nosas maus e no chan terreo, coma *os piós, a chavella, o trompo, a sevillana, a picarana...*, que tal era o nome para un mesmo oficio de xogar coma nun soño: facer que o mundo baile, medre arredor de si, non deixe nunca de ser a marabilla en calquera lugar da terramar de noso, que era a aldea, a vila, a capital: o paraíso.

Vai para os sesenta anos e aínda lembro con cariño a señora Anuncia: era unha raíña que me deixaba subir nas albardas da súa tenda para eu ser o cabaleiro señor e señorito que percorría o mundo polas avenidas de ningures. Ela ría feliz e eu ía ao gallope e nesta praza detiña ao animal para facermos os dous, cabalo e cabaleiro, un xesto de imprudencia: alzar el o corpo en vertical sen que eu caera no lousado. E ninguén había para ver en nolos dous esta ousadía. A señora Anuncia e aquela tenda: o meu hipódromo, a miña escola de equitación, o meu soño de Sancho Panza e de Quixano. E Melide era tamén a Terra da Mancha e os muíños estaban en Furelos, non de vento, senón de auga, na casa dos meus tíos Xesús e María. Nunca máis cabaleiro das albardas dende os meus tres e catro anos. Pero a vida segue polo incendio das esperas que é a nosa infancia: armámonos de tempo e de maxín para recompor os xoguetes da nosa equitación polos hipódromos das beirarrúas, das corredeiras e aínda das estradas que tiñan os croios bravos para as feridas: cabalos de madeira son agora, esa vara longa, esa freba de casqueiro que sobra nos aserradeiros, esa ponliña baixa, sempre pau onde soñarmos un cabalo, égoa, mula, burriño manso, que todo era un xogo da vida, de renascencia. Velaí as *serras* na reconversión dun universo para a infancia. Os máis mantidos tiñan a maiores un cabaliño de buxo ou de cartón. Para os que eramos moitos non era posíbel tal alcance; e si unha vara, a vasoira, o mango dunha sacha ou de legón: cabalo era, égoa fermosa.

Comigo van os nomes dos xogos máis sabidos e máis pícaros da Terra do Medio e das terras que son outras sen renuncia a dicir Galicia ou Gallaecia daqueles anos de antes de denantes, moito atrás, cando a nosa capital estaba en Brácara Augusta e chegabamos ata Astorga, hoxe de León, polo Camiño aberto cara a onde o sol nace cada día en hora. E velai os nomes daqueles xogos que en Melide me foran dados para as sucesivas aprendizaxes do meu tempo da nenez e adolescencia, que é un mundo en todas as idades que nos cadran de por vida. E escoito dicir aló no adentro da miña mellor memoria: *a pita, as latas, a picapolaina, a panda, o pano, o guá, a billarda (a estornela, que na beiramar de Cangas chaman tamén a cachisa), o cichote, a zondia, a churra, as chapas, a roma, o birbiriquí, o pano, o marco, o ghía camiños, os coches mailo tren* (que eran as latas baleiras das sardiñas), *as canicas, a fabiña, o farricoque, os carolos* (que eran a materia de soñarmos as vacas da nosa aldea), *as cacholas dos nabos* (necesarias para facermos as rodas dos carriños mailas cabezas de monecas e monecos para a risa).

Nós nenas e nenos do noso tempo, a reinventar as cousas onde soñar que cada xogo fose tamén a nosa historia posíbel dende a aldea, dende a cidade e dende a vila. Inventamos nós. Somos máquinas na procura do universo. E nada falta, todo está: con bocas, ollos, corpo e alma, ese agarimo. E a nai,

pai, avós e bisavós axudan neste compromiso de que a nena mailo neno sexan creadores de seu: maxia e ledicia sempre.

E veu o cine. E chegaban as películas do Oeste: vaqueiros contra os indios. E ninguén de nos quería ser o *sheriff*, o *chico*, aquel que tiña as pistolas e o cabalo máis grande; ese que nunca morría e era o vencedor. E nosoutros os guerreiros das derrotas, aqueles sempre *indios*. E rifabamos este nome da soberbia entre os dez, os vinte, os trinta e os cincoenta de cada ruada nos espazos abertos e oportunos. Guerras de mentira que arestora tamén desprezamos, como non! Aquí, no Campo Grande, no Campo de San Roque, nas rúas máis cativas desta vila, nos arredores desta capital da Gándara e do Camiño do Norde e do Francés e onde sempre houbo xoguetes da fábrica de noso, propias as maus e propios os beneficios. Ata chegarmos á industria que nos veu de lonxe: monecas e vestidos, guerras con pistolas de estralotes, trebellos de fóra, máquinas que falan por nós, deseños doutros mundos, voces que non son galegas, caras e xeitos de todos os lugares que temos que aprehender axiña, porque o di *a tele* e dinllo tamén á mamá e ao papá, á avoa e ao avó, aos parentes todos: “xoguetes riquiños e ventureiros”. Tanta mentira.

Velaí, amigas e amigos, esta crónica que vos achego dende a Praza do Convento: cerne e resistencia a prol da vida, que é un xogo. Facédevos partícipes desta miña ledicia de hoxe, día once, San Martiño, que cadra ben e sempre no refraneiro dos pións, entre a festa de todos os santos e o santo andré, derradeira folla no almanaque deste *bendito mes*. Na data do día trinta de fará uns poucos anos nacía eu aquí nesta rúa, nunha casa que aínda vive tanto e máis ca min. E xa escoito a vociña de alguén de todos vós que quer saber:

-E logho... cantos anos dis que tes?

-Pois.... por hoxe aínda ando nos sesenta e tres.

Vivide moito e sempre ben.

Xosé Vázquez Pintor

Melide, novembro do ano 2010